

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 1 de febreiro de 2005 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e nomeamento da dirección dos centros docentes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, nos que se imparten ensinanzas escolares.

O capítulo VI do título V da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, regula a selección e nomeamento dos directores dos centros docentes públicos, mediante un concurso de méritos entre funcionarios de carreira docentes dun corpo do nivel educativo e réxime ao que pertenza o centro, conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade. A selección deberá basearse nos méritos académicos e profesionais acreditados polos aspirantes, valorándose de forma especial a experiencia previa no exercicio da dirección, e será realizada por unha comisión constituída por representantes da Administración educativa e, polo menos, un trinta por cento de representantes do centro correspondente, dos cales, tamén polo menos o cincuenta por cento serán do claustro de profesores.

Os directores nomeados conforme as previsións da Lei 9/1995, do 20 de novembro, de participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, con nomeamento en vigor, continuarán o seu mandato ata rematar o prazo para o que foron nomeados. Procede, pois, convocar concurso de méritos para seleccionar os directores dos centros nos que a dirección remata o seu mandato no actual curso académico 2004-2005.

Na súa virtude, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Primeiro.-Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros públicos en que se imparten ensinanzas escolares que se relacionan no anexo I a esta orde, especificándose o nivel educativo e o réxime.

A selección realizarase de conformidade cos principios de publicidade, mérito e capacidade.

Segundo.-Requisitos de participación.

1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeado director dun centro docente público que imparta ensinanzas escolares deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de carreira dun corpo do nivel educativo e réxime ao que pertenza o centro.

b) Estar en situación de servizo activo.

c) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos no corpo da función pública docente desde o que se opta.

d) Ter impartido docencia directa na aula como funcionario de carreira, durante un período mínimo de cinco anos, nun centro público que imparta ensinanzas do mesmo nivel e réxime.

e) Estar prestando servizos nun centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do mesmo nivel e réxime ao que se opta, cunha antigüidade de polo menos un curso académico á data de publicación da convocatoria.

2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeado director dun centro público de educación infantil, incompleto de educación primaria, de educación secundaria con menos de oito unidades ou nos que impartan ensinanzas artísticas, de idiomas ou as dirixidas a persoas adultas con menos de oito profesores, os candidatos estarán exentos de reunir os requisitos establecidos nas alíneas c) e d) do número 1 deste punto.

Terceiro.-Solicitudes e documentación.

1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da provincia correspondente, no modelo que se publica como anexo III a esta convocatoria, achegando ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde.

b) Proxecto de dirección específico que recolla a proposta directiva en relación coa liña do proxecto educativo do centro. De solicitarse máis dun centro presentarase un proxecto de dirección para cada centro.

O proxecto non excederá de 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, espaciao entre liñas: 1,5.

c) Calquera outra documentación que o candidato considere idónea en interese da súa solicitude.

2. Así mesmo, os participantes no concurso de méritos remitirán ao centro docente unha copia do seu proxecto de dirección.

3. Na solicitude relacionarase os postos de dirección solicitados, por orde de preferencia e ata un máximo de tres, de entre os que se ofertan no anexo I. Unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non poderán ser modificadas as ditas peticións.

4. A solicitude, así como a documentación a que se alude no punto anterior, poderase presentar nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común. No caso de que optasen por presentar a súa solicitude ante unha oficina de correos, farano en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

5. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Selección de candidatos e comisión de selección.

1. A selección dos candidatos á dirección será efectuada por unha comisión nomeada polo director xeral de Persoal e constituída por:

a) Como representantes da Administración educativa:

-Dous inspectores de educación, designados polo delegado provincial, actuando un deles como presidente.

-Un director dun centro público do mesmo nivel e réxime, designado polo delegado provincial.

-Un funcionario da delegación provincial, designado polo delegado provincial que actuará, ademais, como secretario da comisión.

b) Como representantes do centro correspondente:

-Dous representante do claustro de profesores.

-Un representante do consello escolar.

2. En ningún caso os candidatos á dirección poderán formar parte de ningunha das comisións de selección.

3. No caso dos representantes do centro, o nomeamento realizarase logo de proposta do claustro de profesores e do consello escolar. Neste último caso, a proposta non poderá recaer nun alumno menor de dezaseis anos.

4. Nomearanse suplentes para os distintos membros das comisións de selección que actuarán en substitución dos titulares cando así o determine o presidente.

5. A non-elección dos representantes do claustro de profesores, ou do consello escolar non impedirá a constitución da comisión de selección.

6. O baremo aplicable ao concurso de méritos é o que se publica como anexo II a esta orde. Para poder ser nomeado director será necesario obter polo menos 5 puntos no proxecto de dirección.

7. A comisión de selección poderá ter unha entrevista cos candidatos se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección.

8. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todos os membros presentes da comisión. Cando entre as puntuacións outorgadas polos membros da comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxi-

ma e mínima, calculándose a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

Quinto.-Revisión da documentación presentada.

1. A delegación provincial revisará a documentación presentada polos solicitantes e notificaralles aos aspirantes a admisión ou rexeitamento da súa petición.

2. A solicitude unicamente poderá ser rexeitada por incumprimento dalgún dos requisitos exixidos nesta orde ou por estar incursos en procesos penais ou de inhabilitación para o exercicio de funcións na Administración pública.

3. Contra o rexeitamento da solicitude os aspirantes poderán presentar reclamación perante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación da desestimación da solicitude.

4. A delegación provincial comunicará á dirección de cada centro docente as solicitudes admitidas no concurso de méritos para o nomeamento da dirección.

Sexto.- Resolución da comisión de selección.

1. A comisión de selección avaliará o proxecto de dirección e os méritos alegados e xustificadas polos aspirantes e publicará as puntuacións outorgadas a cada aspirante e efectuará a corresponde proposta ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Contra as puntuacións outorgadas pola comisión de selección poderá presentarse reclamación ante a propia comisión no prazo de cinco días naturais computados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da delegación provincial.

3. Resoltas as reclamacións presentadas, a comisión de selección elaborará a relación de aspirantes seleccionados e propondrá ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria o nomeamento como directores, coa indicación do centro para o que son propostos, en función da puntuación total outorgada.

4. No suposto de se produciren empates na puntuación total dos aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no proxecto de dirección.

b) Maior puntuación no punto 2.

c) Maior puntuación no punto 1.

d) Maior puntuación no punto 3.

e) Maior puntuación nos subpuntos do baremo, pola orde en que aparecen neste artigo.

5. Se a un candidato lle correspondese máis dun centro, resultará seleccionado e nomeado para o cen-

tro que proceda, de acordo coa prioridade que manifestase na instancia de participación.

Sétimo.-Programa de formación inicial.

1. Os candidatos seleccionados que non teñan a categoría de director deberán superar un programa de formación inicial, organizado pola Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

2. O programa inclúe un curso teórico de formación, cunha duración mínima de cen horas, e incorporará no seu contido os aspectos fundamentais do sistema educativo, a organización, funcionamento e xestión dos centros docentes, a organización e xestión dos recursos humanos, procedementos de xestión administrativa e orzamentaria, a normativa en materia de centros, alumnos e profesores e outros aspectos relativos á función directiva e un período de prácticas, tutelado e avaliado pola inspección educativa, que rematará coa presentación dunha memoria de resolución de casos prácticos.

Oitavo.-Nomeamento.

1. O delegado provincial procederá a nomear director a aqueles candidatos seleccionados que teñen recoñecida a categoría de director para centros do mesmo nivel educativo e réxime ao que optan e a aqueles que superen o programa de formación inicial, por un período de tres anos.

2. Aqueles profesores que sexan nomeados directores nun centro en que non teñan destino definitivo exercerán o cargo en réxime de comisión de servizos.

3. Estes directores serán avaliados durante o seu mandato e no caso de que obteñan avaliación positiva adquirirán a categoría de director para centros públicos do nivel educativo e réxime correspondente. Esta categoría terá efectividade no ámbito de todas as administracións educativas.

Noveno.-Renovación.

1. O nomeamento dos directores poderá renovarse, a petición dos interesados, por períodos de igual duración, ata o máximo de períodos que se estableza regulamentariamente, sempre que fosen avaliados positivamente no traballo desenvolvido.

2. Rematado o mandato e, se é o caso, os períodos de prórroga, será necesaria a participación nun novo concurso para desempeñar a función directiva.

Décimo.-Nomeamentos con carácter extraordinario.

1. Nos supostos de ausencia de candidatos ou cando a comisión correspondente non seleccione ningún candidato, ou no caso de non superación do programa inicial, a dirección será nomeada polo delegado provincial da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria, por un período de tres anos, entre funcionarios docentes que reúnan os requisitos establecidos no artigo 2º desta orde.

2. Se o profesor non ten adquirida a categoría de director deberá superar o programa de formación inicial regulado no artigo 7º desta orde.

3. Rematado o mandato e con independencia de que a dirección sexa avaliada positivamente, procederá incluír a vacante na convocatoria de concurso de méritos para o exercicio da dirección.

4. Nos supostos de que se produza o cesamento da dirección en centros públicos non convocados nesta orde, a delegación provincial correspondente procederá a nomear a dirección ata o 30 de xuño de 2006, debendo convocarse a vacante no próximo concurso de méritos.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os profesores acreditados para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos que non exercen como directores ou o fixesen por un período inferior a tres anos, no caso de resultaren seleccionados para o exercicio da dirección estarán exentos de realizar a fase teórica do curso de formación regulado no punto 2 do artigo 7 desta orde.

Disposición transitoria

Os directores nomeados conforme as previsións da Lei 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes, continuarán o seu mandato ata rematar o prazo para o que foron nomeados, tras o que serán avaliados polo mesmo procedemento establecido para os que accedan á dirección polo sistema previsto na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

A Coruña

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
15027125	IES de Viós	Viós	Abegondo
15023314	IES de Sabón	Arteixo	Arteixo
15001070	CPI Cruz do Sar	Bergondo	Bergondo
15026352	IES de Esparís	Viceso	Brión
15002050	CEIP O Areal	Camariñas	Camariñas
15027861	IES Pedra da Agua	Ponte do Porto	Camariñas
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	Cambre
15021354	CEIP Bergantiños	Carballo	Carballo
15023077	CEIP de Gándara-Sofán	Sofán	Carballo
15002761	CEIP de Carnota	Carnota	Carnota
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	Carnota
15003005	CPI Vicente Otero Valcárcel	Carral	Carral
15003054	CEIP Nicolás del Río	Cedeira	Cedeira
15003212	IES Agra de Raíces	Cee	Cee
15003376	CPI O Cruce	Cerceda	Cerceda
15004745	CEIP Anxo da Garda	Coruña, A	Coruña, A
15005521	CEIP Ramón de la Sagra	Coruña, A	Coruña, A

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
15020568	CEIP Labaca	Coruña, A	Coruña, A
15021721	EEl de Zalaeta	Coruña, A	Coruña, A
15021792	CEIP Salgado Torres	Coruña, A	Coruña, A
15023363	CEIP Manuel Murguía	Elviña	Coruña, A
15025621	EPA Eduardo Pondal	Coruña, A	Coruña, A
15026492	CMUS Superior da Coruña	Coruña, A	Coruña, A
15032303	CMUS Profesional da Coruña	Coruña, A	Coruña, A
15022607	IES Ánxel Casal-Monte Alto	Coruña, A	Coruña, A
15005211	IES Salvador de Madariaga	Coruña, A	Coruña, A
15005221	IES Eusebio da Guarda	Coruña, A	Coruña, A
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	Coruña, A	Coruña, A
15027770	IES A Sardiñeira	Coruña, A	Coruña, A
15027903	IES Eduardo Blanco Amor	Burgo, O	Culleredo
15021809	CEIP Sofia Casanova	Rutis	Culleredo
15005877	CEIP de Teixeira	Curtis	Curtis
15027617	CMUS Profesional de Ferrol	Ferrol	Ferrol
15006845	CEIP Isaac Peral	Ferrol	Ferrol
15021834	CEIP Manuel Masdías	Ferrol	Ferrol
15007655	CEIP de Caión	Caión	Laracha, A
15025256	CEIP Alfredo Brañas	Lestón	Laracha, A
15027836	CRA Pedra da Arca	Buño	Malpica de Bergantiños
15009081	CEIP de San Ramón	Moeche	Moeche
15009391	CEIP Santiago Apóstolo	Franza	Mugarbos
15009810	CEIP Ricardo Tobío	Esteiro	Muros
15024951	CEIP de Louro	Louro	Muros
15009676	CEIP Virxe da Barca	Muxía	Muxía
15024239	CEIP dos Muíños	Moraime	Muxía
15027927	IES Ramón Caamaño	Muxía	Muxía
15010058	CPI do Feal	Xubia	Narón
15010162	CEIP de Ponte de Xubia	Xubia	Narón
15019499	CEIP de Piñeiros	Pedroso	Narón
15023740	CEIP A Solaina	Santa Icí	Narón
15026111	CRA de Narón	San Xiao	Narón
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	Neda
15010307	CEIP San Isidro	Neda	Neda
15010575	CEIP O Coto	Negreira	Negreira
15010812	IES Virxe do Mar	Noia	Noia
15027228	IES María Casares	Oleiros	Oleiros
15011105	CEIP de Mesón do Vento	Ardemil	Ordes
15011567	CEIP de Sigüeiro	Sigüeiro	Oroso
15027964	IES Oroso	Oroso	Oroso
15020544	IES de Ortigueira	Ortigueira	Ortigueira
15027976	IES Poeta Anón	Serra de Outes	Outes
15012717	CEIP Rosalía de Castro	Padrón	Padrón
15013163	EEl Fernández Varela	Pobra do Caramiñal, A	Pobra do Caramiñal, A
15027848	CRA Nosa Sra. do Faro	Trabe	Ponteceso
15021767	IES Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez, As	Pontes de García Rodríguez, As
15025062	CEIP de Portosín	Goiáns	Porto do Son
15014568	IES nº 1	Ribeira	Ribeira
15014261	CEIP de Aguiño	Aguiño	Ribeira
15014271	CEIP de Artes	Artes	Ribeira
15014571	CEIP de Deán Grande	Ribeira	Ribeira
15021731	CEIP de Fríons	Carreira	Ribeira
15014738	CPI dos Dices	Rois	Rois
15026157	CRA de Santa Comba	Santa Comba	Santa Comba
15015834	E. ART Mestre Mateo	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
15015767	IES Monte de Conxo	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
15020571	CEIP Colexiata do Sar	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
15022589	CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
15022590	CEIP de Roxos	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
15017107	CEIP da Ramallosa	Ramallosa, A	Teo
15018471	CEIP de Ortigueira	Vedra	Vedra

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
15019372	CEIP San Vicenzo	Vimianzo	Vimianzo
15027368	IES Máximo Romero de Lema	Baio	Zas

Lugo

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
27016649	IES de Alfoz-Valadouro	San Pedro de Mor	Alfoz
27016315	IES de Becerreá	Becerreá	Becerreá
27014586	CEIP de Baamonde	Baamonde	Begonte
27013934	IES Perdouro	Burela	Burela
27015891	IES Terra Chá-José Trapero Pardo	Ribeiras de Lea	Castro de Rei
27016509	IES Marqués de Sargadelos	Leiro	Cervo
27014847	CEIP de Corgo	Corgo, O	Corgo, O
27003850	CEIP Santa María	Fonsagrada, A	Fonsagrada, A
27004428	CEIP nº 1 de Foz	Foz	Foz
27016200	IES Poeta Díaz Castro	Lagostelle	Guitiriz
27013673	CEIP Casás	Lugo	Lugo
27016728	CEIP Illa Verde	Lugo	Lugo
27016558	CMUS Conservatorio Profesional de Música	Lugo	Lugo
27014033	EEl Fingoi nº 2	Lugo	Lugo
27016704	IES Poeta Manuel Leiras Pulpeiro	Lugo	Lugo
27016455	IES Sanxillao	Lugo	Lugo
27006553	IES Xoán Montes	Lugo	Lugo
27016303	IES Pedregal de Irimia	Meira	Meira
27016662	CEIP de Monforte de Lemos	Monforte de Lemos	Monforte de Lemos
27007259	IES Río Cabe	Monforte de Lemos	Monforte de Lemos
27016352	IES de Palas de Rei	Palas de Rei	Palas de Rei
27015967	CPI Uxio Novoneira	Pedrafita do Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro
27011639	CEIP Otero Pedrayo	Rábade	Rábade
27010891	CEIP Gregorio Sanz	Ribadeo	Ribadeo
27020690	EOI Escola Oficial de Idiomas	Ribadeo	Ribadeo
27011160	CEIP Anibal Otero	San Xurxo de Piquín	Ribeira de Piquín
27011743	CEIP de Oural	Choente	Sarria
27014082	EEl de Sarria	Sarria	Sarria
27012036	IES Gregorio Fernández	Sarria	Sarria
27012450	CPI Dr. López Suárez	Vilasante	Saviñao, O
27013296	CEIP Manuel Mato Vizoso	Vilalba	Vilalba
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	Vilalba
27013387	CEIP Antonio Pedrosa Latas	Celeiro	Viveiro
27016674	CEP Lois Tobío	Viveiro	Viveiro

Ourense

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
32011755	CEIP Manuel Respino	Rúa de Valdeorras, A	A Rúa
32000356	CEIP Ramón Otero Pedrayo	Amoioiro	Amoioiro
32001312	CEIP de Baños de Molgas	Baños de Molgas	Baños de Molgas
32015098	CEIP de O Bolo	Bolo, O	Bolo, O
32002781	CPI Tomás Terrón Mendaña	Sobradelo	Carballeda de Valdeorras
32016467	IES sección de Sobradelo	Sobradelo	Carballeda de Valdeorras
32004118	CPI Antonio Failde	Coles	Coles
32015268	CEIP Otero Novas	Cortegada	Cortegada
32004398	CEIP Vicente Risco	Cualedro	Cualedro
32015645	CEIP Rosalía de Castro	Pao, O	Gomesende
32015165	CEIP O Castiñeiro	Laza	Laza
32006553	CEIP de Maceda	Maceda	Maceda
32016261	CEIP de Quins	Quins	Melón

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
32015700	CEIP San Mamede	Montederramo	Montederramo
32015657	CEIP de Medeiros	Medeiros	Monterrei
32008033	CEIP de Luítra	Nogueira de Ramuín	Nogueira de Ramuín
32001671	CEIP Ramón Otero Pedrayo	Barco de Valdeorras, O	Barco de Valdeorras, O
32015116	CEIP Condessa de Fenosa	Barco de Valdeorras, O	Barco de Valdeorras, O
32008847	CEIP Amadeo Rodríguez Barroso	Ourense	Ourense
32015219	CEIP Manuel Sueiro	Ourense	Ourense
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense
32015669	CEIP Lagoas 3	Ourense	Ourense
32016406	CEIP Radio ECCA-EPA	Ourense	Ourense
32008902	IES A Carballeira	Ourense	Ourense
32011135	CEIP Rogelio Yáñez	Freas de Eiras	Ramirás
32016777	IES Carlos Casares	Viana do Bolo	Viana do Bolo
32005721	CEIP Victor M. Vázquez Portomeñe	Xunqueira de Espadanedo	Xunqueira de Espadanedo

Pontevedra

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
36000375	CEIP da Torre-Cela	Cela	Bueu
36015861	CEIP San Clemente	San Clemente	Caldas de Reis
36000481	IES Ramón Cabanillas	Cambados	Cambados
36000648	CEIP Enrique Barrera	Piñeiro-Vilariño	Cambados
36015550	CEIP Carballedo	Carballedo	Cotobade
36020258	IES nº 1	Estrada, A	Estrada, A
36013618	CEIP de Figueroa	Figueroa	Estrada, A
36003111	CEIP Nosa Sra. das Dores	Forcarei	Forcarei
36020261	IES Terra de Turonio	Gondomar	Gondomar
36017703	CEIP Souto	Donas	Gondomar
36018987	CRA Antia Cal	Peititeiros	Gondomar
36019244	IES A Sangriña	Guarda, A	Guarda, A
36004460	CEIP de Ardán	Ardán	Marín
36020301	IES de Meaño	Meaño	Meaño
36004711	CEIP Domaio	Calvar	Moaña
36015378	CEIP de Tirán	Tirán	Moaña
36016796	EEl de Verducedo	Moaña	Moaña
36004927	CPI de Mondariz	Mondariz	Mondariz
36005245	CEIP Mestre M. Alonso	Castro	Mos
36016619	CEIP Atín-Cela	Atín	Mos
36019441	CEIP de Petelos	Petelos	Mos
36020143	IES de Poio	Poio	Poio
36007242	CEIP de Viñas	Viñas	Poio
36007370	CEIP Feliciano barrera	Guláns	Ponteareas
36015536	CEIP A Reigosa	Tourón	Ponte Caldelas
36006833	CEIP San Martiño	Salcedo	Pontevedra
36019700	CMUS Profesional de Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra
36018677	IES Luis Seoane	Pontevedra	Pontevedra
36007011	IES Pino Manso	Porriño, O	Porriño, O
36014726	EEl da Marisma	Redondela	Redondela
36020325	IES Illa de San Simón	Redondela	Redondela
36024173	CRA María Zambrano-Pias	Pias	Rosal, O
36020337	IES de Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño
36015846	CEIP Noalla	Telleiro-Noalla	Sanxenxo
36020349	IES de Sanxenxo	Sanxenxo	Sanxenxo
36009135	CEIP de Silleda	Silleda	Silleda
36015020	CEIP de Randufe	Randufe	Tui
36014775	CEIP de Guillarei	Guillarei	Tui
36009901	IES San Paio	Tui	Tui
36024161	CRA de Valga	Campaña	Valga
36010204	CEIP Parroco Don Camilo	Vigo	Vigo
36010587	CEIP Sardoma-Moledo	Sardoma	Vigo
36015241	CPI Celso Emilio Ferreiro	Vigo	Vigo
36016061	CEIP A Doblada	Vigo	Vigo
36014568	IES Valentín Paz Andrade	Vigo	Vigo

Código do centro	Nome do centro	Localidade	Concello
36012377	CEIP de Cerdeiriñas	Piloño	Vila de Cruces
36020386	IES Marco do Camballón	Vila de Cruces	Vila de Cruces
36013588	CPI de Toural	Toural	Vilaboa
36012419	CEIP Arealonga	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36018380	IES Miguel Ángel González Estévez	Vilagarcía de Arousa	Vilagarcía de Arousa
36013023	CEIP San Roque-Corón	Calero	Vilanova
36013059	CEIP Viñagrande	Deiro	Vilanova de Arousa
36019414	IES A Basella	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa

ANEXO II

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1. Antigüidade.	Ata 5 puntos	
1.1. Por cada ano de servizos como funcionario de carreira que superen os cinco exixidos como requisito.	0,50 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como funcionario de carreira noutros corpos ou escalas docentes que imparten ensinanzas escolares.	0,25 puntos	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial coas dilixencias das distintas posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.3. Por pertencer ao corpo de catedráticos de ensinanza secundaria, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño ou catedráticos de música e artes escénicas.	1 punto	Fotocopia cotexada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento.
2. Desempeño de cargos directivos.	Ata 6 puntos	
2.1. Desempeño da dirección de centros públicos.	Ata 6 puntos	
2.1.1. Por cada ano como director nun centro do mesmo nivel e réxime.	0,50 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.1.2. Por cada ano como director nun centro de distinto nivel ou réxime.	0,40 puntos	Nomeamento con dilixencia de posesión e cesamento ou, de ser o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2. Desempeño doutros cargos directivos.	Ata 3 puntos	
2.2.1. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos e asimilados dun centro do mesmo nivel e réxime.	0,30 puntos	Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
2.2.2. Por cada ano como vicedirector, subdirector, secretario ou xefe de estudos e asimilados nun centro de distinto nivel ou réxime.	0,20 puntos	Documento xustificativo do nomeamento con expresión da duración real do cargo ou, se é o caso, certificación en que conste que este curso se continúa no cargo.
3. Méritos académicos e outros.	Máximo 4 puntos	
3.1. Por cada título de doutor.	1 punto	Documento xustificativo del.
3.2. Por cada título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto distinto do alegado para ingreso no corpo.	0,50 puntos	Documento xustificativo del.
3.3. Por cada título de diplomado universitario ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo.	0,25 puntos	Documento xustificativo del.
3.4. Pola participación en cursos de formación sobre dirección e organización de centros e en proxectos de innovación educativa e de calidade.	Ata 2 puntos	Certificado deles.
3.5. Por publicacións relacionadas coa función directiva e a organización escolar.	Ata 2 puntos	Os exemplares correspondentes.
4. Proxecto específico.		
Polo proxecto específico coa proposta directiva en relación coa liña do proxecto educativo de centro.	Ata 10 puntos	



ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS, QUE IMPARTEN ENSINANZAS ESCOLARES, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

1. DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	
DNI	ENDEREZO (rúa, praza..., número, piso)		
LOCALIDADE (con indicativo postal)	PROVINCIA	TELF. FIXO	TELF. MÓBIL

2. DATOS DO DESTINO

DESTINO DEFINITIVO		CORPO/ESPECIALIDADE	
DESTINO PROVISIONAL		CORPO/ESPECIALIDADE	

3. CENTROS DOCENTES QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA.

ORDEN	CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO
1			
2			
3			

En _____, _____ de _____ de 20 _____

SINATURA

DELEGADO PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O.U.DE _____

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 21 de febreiro de 2005 pola que se convoca a fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego de diversas categorías.

A base décimo segunda das ordes do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 xuño) e do 29 de xullo de 2002 (DOG nº 168, do 2 de setembro), polas

que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde das categorías de persoal técnico de grao medio en organización e administración sanitaria, grupo administrativo, cocineiro, costureira, limpadora e pinche establece que, rematada a fase de selección, se iniciará a fase de provisión.